

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 24 DE XANEIRO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCIONS:

Don Alberte Lamazares Casero

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e catro de xaneiro de dous mil vinte e catro reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Alberte Lamazares Casero, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da

Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as dez horas quince deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 19 de xaneiro de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PLAN MÁIS PROVINCIA – LIÑA 3: PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2024

No Boletín Oficial da Provincia núm. 2, correspondente ao día 3 de xaneiro de 2024, publicáronse as bases reguladoras e a convocatoria do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024.

Dito Plan estrutúrase en catro liñas de actuación. Entre elas figura a liña 3 denominada “*activación do emprego 2024*”. O Sr. alcalde en funcións

considera conveniente optar á correspondente subvención na referida “*liña 3*”, solicitando unha axuda para a contratación de doce (12) traballadores/as desempregados/as.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aceptar na súa totalidade as Bases do referido Plan.

Segundo.- Solicitar unha subvención por importe de CIENTO VINTE E DOUS MIL CATROCIENTOS OITENTA E SETE EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS (122.487,26 €) con cargo ao Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, Liña 3 – Activación do Emprego 2024 – con destino ao financiamento da contratación de doce (12) traballadores/as desempregados/as, dadas as necesidades urxentes e inaprazables de persoal en sectores, funcións e categorías profesionais indispensables para satisfacer as necesidades básicas da veciñanza e/ou para asegurar o funcionamento da entidade e dos seus órganos de goberno, cos seguintes perfís profesionais:

- ✓ 1 traballador/a social en xornada parcial (25 horas/semana), por un período de cinco (5) meses.
- ✓ 1 educador/a social en xornada completa (37,5 horas/semana), por un período de nove (9) meses e catorce (14) días.
- ✓ 2 técnicos/as superiores en educación infantil, en xornada parcial (25 horas/semana), por un período de nove (9) meses e catorce (14) días.
- ✓ 1 monitor/a – socorrista, en xornada parcial (30 horas/semana), por un período de tres (3) meses.
- ✓ 3 peóns de servizos diversos, en xornada parcial (25 horas/semana), por un período de nove (9) meses e catorce (14) días.
- ✓ 4 peóns de servizos diversos, en xornada parcial (25 horas/semana), por un período de seis (6) meses e dezaseis (16) días.

Terceiro.- Aprobar a memoria descritiva denominada “*Memoria global dos servizos Plan Máis Provincia. Liña 3 “Programa de activación do emprego 2024”*”.

Cuarto.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de CERO EUROS (0,00 €), sendo este órgano o competente para comprometer as achegas.

Quinto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde en funcións para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos sexan necesarios para a efectividade do acordado.

3.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NA CONVOCATORIA PARA O FINANCIAMENTO E A PRESTACIÓN DAS AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA NOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024

O Sr. alcalde en funcións informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes das Bases reguladoras para o financiamento e a prestación das axudas básicas de emerxencia nos servizos sociais comunitarios da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2024, publicadas no BOP núm. 15, correspondente ao día 22 de xaneiro do corrente, e da conveniencia de solicitar a participación do Concello na convocatoria para proporcionar, a través dos servizos sociais municipais, apoio económico, de maneira excepcional e extraordinaria, para poder atender as demandas de urxente e puntual necesidade das veciñas e veciños do Concello, xestionadas a través dos servizos sociais comunitarios, que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que solicitan as axudas, con prioridade a familias con menores ao seu cargo que se atopen en situación de exclusión social ou en risco de estalo.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Coñecer e aceptar as bases da convocatoria e os compromisos que se inclúen nela.

Segundo.- Solicitar a cantidade de SETE MIL EUROS (7.000,00 €) para gastos correntes e a cantidade de TRES MIL OITOCENTOS EUROS

(3.800,00 €) para investimentos, destinados á tipoloxía das axudas establecidas na base sexta das mencionadas Bases.

Terceiro.- Autorizar á Deputación de Pontevedra a comprobar o cumprimento por parte do Concello das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, ATRIGA e Seguridade Social.

4.- CONCESIÓN DE TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

A/

VISTA a solicitude presentada por Dona Gloria Fernández García (RE núm. 89, do 24/01/24), e a proposta de resolución emitida con data 24/01/24 pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Dona GLORIA FERNÁNDEZ GARCÍA, con DNI núm. ██████████, veciña do lugar de Toiriz, parroquia de San Salvador de Camba.

B/

VISTA a solicitude presentada por Don Ramiro Fernández Gómez (RE núm. 90, do 24/01/24), e a proposta de resolución emitida con data 24/01/24 pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Don RAMIRO FERNÁNDEZ GÓMEZ, con DNI núm. ██████████, veciño do lugar de Toiriz, parroquia de San Salvador de Camba.

5.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- XUNTA DE GALICIA 6.205,01 €
Por autoliquidación do canon da auga correspondente ao terceiro cuadrimestre de 2023, s/cargo.
- LA LEY SOLUCIONES LEGALES S.A.U. 3.850,88 €
Por subscripción anual a base de datos xurídica, s/factura núm. V-FAC-REN+2024-RE/FV00000320 (FACe).
- MERCAHILBE S.L. 10,72 €
Por subministro de augas para o Concello, s/factura núm. 01000002.
- ISAURA ÁLVAREZ GIL 231,25 €
Por subministro de material diverso para a decoración da carroza dos Reis Magos, s/factura núm. 757.
- ODAIKO KREA S.L. 2.625,70 €
Por instalación de carpa, escenario, equipo de son e iluminación para a cabalgata de Reis Magos, s/factura núm. 06 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as dez horas cincuenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde en funcións,
(*sinatura dixital*)